



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 2 DE MAIO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ponte Caldelas da estrada EP-0202 (PO-255-Pazos) desde o punto quilométrico 0+000 ao punto quilométrico 0+340.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración, así como a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados, entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte e 31 federacións deportivas galegas, por importe de tres millóns cincocentos sesenta e nove mil douscentos oitenta e nove euros (3.569.289,00€).
- Acordo polo que se autoriza superar a porcentaxe legalmente establecida nos pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Asociación Liga Noroeste con motivo da organización da liga galega de traíñeiras masculina e feminina da tempada 2019, por importe de cento dez mil euros (110.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, para a posta en marcha dun servizo de quenda de garda social, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de douscentos cincuenta e tres mil trescentos cincuenta e dous euros (253.352,00€).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autorizan anticipos de tesourería por un importe total de vinte e cinco millóns seiscientos oitenta e tres mil setecentos corenta e un euros (25.683.741,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a retrocesión dun edificio que forma parte do recinto do antigo Hospital Xeral de Lugo á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteprojecto de Lei de pesca continental de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Fundación de Enxeñería Civil de Galicia para a mellora do sistema de alerta temperá de risco de inundación na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, por un importe de noventa mil euros (90.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual que deriva do proxecto de orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2019/20, por importe total de doce millóns cen mil euros (12.100.000€).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a adquisición do compromiso de gasto de carácter plurianual para o financiamento da orde pola que se convocan 5 bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de douscentos trinta e oito mil cincocentos noventa e cinco euros con corenta céntimos (238.595,40€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba a actualización do PLADIGA para o ano 2019.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución da convocatoria para a selección de proxectos de Hubs de innovación dixital.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o borrador do anteproxecto de Decreto polo que se desenvolve o réxime de concerto para a prestación de servizos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, que contribúan á protección da biodiversidade mariña.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS DUN TREITO DA VÍA PROVINCIAL QUE COMUNICA A ESTRADA PO-255 CON PAZOS DE BORBÉN

- ***Os cambios de titularidade tramítanse conforme ca Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade***
- ***Coa transferencia, o concello será responsable da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde cas súas características***
-

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Ponte Caldelas do treito da vía provincial EP-0202, que comunica a estrada de titularidade autonómica PO-255 con Pazos de Borbén.

O concello pontevedrés solicitou á Deputación provincial o cambio de titularidade dun treito de 340 m de lonxitude desta vía, desde o punto quilométrico 0+000 ao p.q. 0+340. Esta petición dá cumprimento ao previsto nun convenio asinado entre as dúas administracións.

A Administración provincial de Pontevedra acordou aprobar o cambio de titularidade proposto, polo que emite informe favorable para a transferencia deste treito e solicita o cambio de titularidade desta estrada á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello de Ponte Caldelas tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que debe ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o concello pontevedrés terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ano da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DOS CONVENIOS ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E AS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS QUE NESTE 2019 SE VERÁN INCREMENTADOS NUN 15 %

- ***Tras a aprobación destes primeiros 31 convenios, a Secretaría Xeral asinará os convenios con estas 31 federacións e coas restantes 27 que non precisan a autorización do Consello***
- ***Os 58 convenios están dotados cun importe total de 4.306.002 euros, a cantidade máis elevada desde 2011***

O Consello da Xunta deu luz verde a 31 convenios de colaboración que o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, asinará coas respectivas federacións deportivas, e que ascenden a un importe de 3.569.289 euros. Estes convenios súmanse aos que non precisan da autorización do goberno galego para a súa sinatura, e que serán tamén asinados nas vindeiras datas. En total, a Secretaría Xeral para o Deporte asinará 58 convenios de colaboración por un importe global de 4.306.002 euros, a dotación económica máis elevada desde o ano 2011, e que posibilitará a realización polas federacións deportivas galegas da súa actividade. Esta partida medra nun 14,74 % con respecto ao destinado en 2018 (3.752.896 euros).

Os 4.306.002 euros son distribuídos atendendo a criterios obxectivos, como son o número de licenzas totais, licenzas femininas e licenzas de deportistas con discapacidade existentes na federación, o número de clubs participantes en competicións oficiais, os de campionatos de España e competicións internacionais organizadas, os deportistas da federación que formen parte das seleccións deportivas, o número de deportistas galegos de alto nivel ou de deportistas de alto nivel da federación ou, entre outros criterios obxectivos, as actividades de promoción e fomento realizadas nas actividades en idade escolar.

Os 31 convenios autorizados na sesión de hoxe son os das federacións deportivas galegas de atletismo (227.099 euros), automobilismo (181.174 euros), bádminton (100.570 euros), baloncesto (248.537 euros), balonmán (185.970 euros), birlos (23.689 euros), boxeo (31.484 euros), ciclismo (188.631 euros), deporte adaptado (76.983 euros), fútbol (248.013 euros), golf (44.573 euros), halterofilia (51.837 euros), judo e deportes asociados (138.079 euros), karate e deportes asociados (64.463 euros), kickboxing (20.955 euros), loita e deportes asociados (109.007 euros), montañismo (28.470 euros), motociclismo (60.354 euros), natación (155.230 euros), patinaxe (55.375 euros), piragüismo (312.141 euros), remo (102.886 euros), rugby (45.155 euros), surf (33.297 euros), taekwondo (177.823 euros), tenis (105.807 euros), tiro con arco (44.699 euros), triatlón e péntatlon moderno (163.605 euros), vela (244.603 euros), voleibol (86.090 euros) e ximnasia (72.600 euros). Os convenios de colaboración coas 27 federacións restantes -actividades subacuáticas, aeronáutica, béisbol e sófbol, billar, caza, chave, colombofilia, colombicultura, deportes inverno, esgrima, espeleoloxía, esquí náutico, hípica, hóckey, kung-fu, motonáutica, orientación, pádel, pelota, pesca, petanca, salvamento, squash, tenis de mesa, tiro ao voo, tiro olímpico e xadrez- serán asinados proximamente.

Outras liñas de colaboración

Neste 2019, e xunto a estes convenios, as federacións deportivas galegas poderán optar a outras liñas de colaboración coa Xunta de Galicia. Primeiramente, as federacións deportivas serán proximamente convidadas á participar dos novos contratos de patrocinio federativos que, dotados con 550.000 euros e grazas á colaboración da secretaría xeral da Igualdade, se destinarán á realización de campañas de sensibilización contra a violencia de xénero e a actividades deportivas e de formación neste ámbito. Asemade, subscribiránse tamén neste ano contratos específicos para a celebración de eventos deportivos de especial relevancia (286.000 euros), e a orde de adquisición de equipamento deportivos que, para esta tempada, se incrementa nun 107 %.

O CONSELLO AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A ASOCIACIÓN LIGA NOROESTE CON MOTIVO DA ORGANIZACIÓN DA LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS QUE MEDRA NUN 22%

- ***A organización da LGT masculina e feminina alcanzará un importe máximo de 110.000 euros, sendo 90.000 euros o consignado en 2018***

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Asociación Liga Noroeste con motivo da organización da Liga Galega de Traiñeiras masculina e feminina da tempada 2019 que neste ano alcanzará un importe máximo de 110.000 euros, o que representa unha subida do 22 % con respecto ao consignado en 2018 cando se destinaron 90.000 euros. Naquel momento, o importe total tamén se incrementara nun 12,5 % con respecto a 2017.

A Asociación Liga Noroeste é a responsable da organización da Liga Galega de Traiñeiras, que tanto na categoría masculina como na feminina é a competición desta modalidade de remo que aglutina todos os clubs que participan nesta actividade en augas galegas.

Deste xeito, o obxecto do convenio asinado hoxe é establecer os mecanismos de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Asociación Liga Noroeste para a organización e desenvolvemento da Liga Galega de Traiñeiras correspondente á tempada 2019.

Con este convenio a Secretaría xeral para o Deporte colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva, no ano 2019, co fin de fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego.

Na tempada 2019 que comeza agora, 28 clubs están inscritos na Liga Galega de Traiñeiras. Doce deles na Liga A: SD Tirán-Pereira, Samertolameu, Vilaxoán, Amegrove, Rianxo, Ares, Bueu-Teccarsa, Puebla, Mecos-Mondariz, Meira, Muros e Cabo da Cruz na Liga A. Outros dez na Liga B: Cedeira, Vila de Cangas, Esteirana, A Cabana-Ferrol, Salgado-Perillo, Mugardos, CCD Cesantes, Castropol, Chapela e Coruxo na Liga B. E seis máis na Liga Feminina: Cabo de Cruz, Mugardos, Salgado-Perillo, S.D. Tirán-Pereira, Club Remo Mecos-Coruxo e Club Remo Chapela.

A XUNTA PORÁ EN MARCHA UNHA QUENDA DE GARDA DE TRABALLADORES SOCIAIS PARA ATENDER ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- ***Farao en colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, a través da sinatura dun convenio***
- ***Os traballadores sociais estarán dispoñibles as 24 horas durante os 365 días do ano para garantir unha atención inmediata***
- ***Complétase así á quenda de garda psicolóxica, xa activada a través dun convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para poñer en marcha unha quenda de garda social, especializada e permanente, para atender mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores. O acordo está dotado cun investimento de algo máis de 253.000 euros.

Esta quenda de garda social permitirá ás vítimas ter acceso a unha atención personalizada e profesional desde o momento da presentación da denuncia, cando poderán dispoñer dun profesional de apoio que lles prestará información sobre axudas e recursos e un apoio integral.

O servizo de garda poderá ser activado polas forzas e corpos de seguridade de Galicia, ou ben polos xulgados con competencias en materia de violencia de xénero. O procedemento comezará cunha chamada ao teléfono de información ás mulleres (900400273), que se porá en contacto co profesional de garda para garantir a súa presenza inmediata. Para efectos de secuenciar as intervencións e facelo de forma coordinada, a intervención do traballador social terá lugar unha vez iniciada ou finalizada a actuación do psicólogo ou psicóloga pertencente á quenda de garda psicolóxica.

Ademais, o persoal que forme parte desta garda recibirán formación especializada na materia para prestar a mellor atención posible ás vítimas.

Este novo servizo súmase así á quenda de garda psicolóxica especializada e permanente, que se puxo en marcha por vez primeira a finais de 2018 a través dun convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través da que se garante a presenza dun profesional desde o primeiro momento para atender as necesidades psicolóxicas das mulleres e previr a posible vitimización secundaria, entre outros obxectivos.

Ambas as iniciativas se inscriben no marco das medidas previstas polo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que establece a necesidade de habilitar un sistema de acompañamento e de axuda na toma de decisións amulleres vítimas da violencia de xénero, co fin de evitar a súa desprotección e garantir o dereito á asistencia social integral.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN ANTICIPO DE TESOURERÍA DE 26 MILLÓNS PARA AXILIZAR AS OBRAS CON CARGO AO SUPERÁVIT DE 2018

- ***Este mecanismo está previsto na Lei de réxime financeiro e o obxectivo é adiantar os prazos de licitación***
- ***O Goberno galego destinará 21,4 millóns para a mellora dos centros educativos, con obras de reforma en 22 colexios e institutos que se farán en verán***
- ***1,3 millóns serán para reforzar o plan de fomento da educación dixital, para poder executalo no curso escolar 2019-20***
- ***Outros 3 millóns adíantanse para mellorar a reacción contra os incendios forestais***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un anticipo de tesourería de 26 millóns de euros para axilizar a licitación de obras con cargo ao superávit do exercicio 2018, e que están incluídas no proxecto de Lei de reforzo de actuacións prioritarias que se está a tramitar no Parlamento galego. A través deste mecanismo, previsto na Lei de réxime financeiro de Galicia, poderanse adiantar os prazos de licitación destas obras.

En primeiro lugar, o Goberno galego aprobou un anticipo de 21,4 millóns de euros á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para obras de mellora de instalacións educativas. En concreto, a Administración galega realizará actuacións de eficiencia enerxética e modernización en 22 colexios e institutos públicos.

Estas actuacións deben realizarse de xeito que inflúan o menos posible na actividade diaria da comunidade educativa, polo que deben realizarse maioritariamente nos períodos non lectivos. É por iso que, dada a proximidade temporal das vacacións escolares, é preciso realizar as correspondentes licitacións o máis pronto posible para comezar as obras no mes de xullo e executalas entre os meses de xullo e agosto.

Estas obras permitirán a mellora de 16 centros de Educación Infantil e Primaria: o CEIP Fogar (Carballo), CEIP Vicente Otero Valcarcel (Carral), CEIP Raíña Fabiola (Santiago de Compostela), CEIP Cruceiro de Canido (Ferrol), CEIP de Casás (Lugo), CEIP de Cervo (Cervo), CEIP Santa María (A Fonsagrada), CEIP de Foz nº 1 (Foz), CEIP Princesa de España (Verín), CEIP Condessa de Fenosa (O Barco de Valdeorras), CEIP Calvo Sotelo (O Carballiño), CEIP de Prácticas (Ourense), CPI Covaterreña (Baiona), CEIP do Hío (Cangas), CPI de Pontecesures (Pontecesures) e o CEIP García Barbón (Vigo).

Tamén se realizarán actuacións de rehabilitación noutros seis institutos de educación secundaria: IES de Arzúa, o IES de Monelos (A Coruña), o IES Muralla Romana (Lugo), o IES O Couto (Ourense), o IES Ramón Cabanillas (Cambados) e o IES Illa de Tambo, no concello pontevedrés de Marín.

Outros 1,3 millóns de euros destinaranse para anticipar crédito para a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Este anticipo, xunto co cofinanciamento de 5,2 millóns de euros de fondos FEDER, implicará un investimento global de 6,3 millóns de

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

euros para reforzar o Plan de fomento da educación dixital. A través deste anticipo de tesourería, con cargo tamén ao superávit de 2018, adiantaranse as contratacións coa finalidade de que o novo equipamento TIC estea operativo para o comezo do curso escolar 2019-20, o vindeiro mes de setembro.

Ademais, o Consello da Xunta aprobou un anticipo de tesourería de 3 millóns de euros para a Consellería do Medio Rural, para actuacións de defensa do monte co obxecto de mellorar a operatividade do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. Dado que o período de alto risco comeza en xullo, cómpre empezar estas accións no prazo máis breve posible.

Utilización do superávit

Galicia utilizará o superávit de 2018 para reducir a débeda da Comunidade Autónoma, co que se liberan créditos orzamentarios para financiar novos investimentos en Sanidade, Educación, medio rural e nos Servizos Sociais públicos. Dos 130 millóns de euros de nova capacidade de gasto, 96 estarán recollidos expresamente na Lei de reforzo de actuacións prioritarias, que se investirán entre este ano e o que vén.

Con esta lei investiranse, polo tanto, 96 millóns de euros: 48 millóns este ano e outros 48 millóns en 2020. E, a maiores, quedará dispoñible unha capacidade adicional de investimentos doutros 34 millóns, que non teñen que formar parte desta lei e cos que se financiarán outras actuacións a través da Sociedade Pública de Investimentos.

A XUNTA AUTORIZA A RETROCESIÓN DO PAVILLÓN ADMINISTRATIVO DO BARRIO DA RESIDENCIA PARA FACER A NOVA OFICINA DE EMPREGO E FORMACIÓN DE LUGO

- ***Este trámite foi acordado a semana pasada coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, propietaria deste inmovible***
- ***A Administración do Estado tramitará unha cesión de uso do ben e unha autorización para que a Xunta poida solicitar licitar xa as obras***
- ***A transformación do Barrio da Residencia xa está en marcha: as obras de demolición do antigo xeral comezaron en decembro, e a Xunta segue agardando que o Concello de Lugo outorgue a licenza para o Centro Integral de Saúde***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a retrocesión do pavillón administrativo do complexo da Residencia de Lugo, para facer a nova oficina de Emprego e Formación do Barrio da Residencia. Este trámite foi acordado a semana pasada entre representantes da Consellería de Facenda e da Tesourería Xeral da Seguridade Social, que é a Administración propietaria deste inmovible, coñecido tamén como antiga escola universitaria de enfermería e que actualmente está en desuso.

Unha vez autorizada a retrocesión por parte do Consello da Xunta, solicitarase simultaneamente á Tesourería Xeral da Seguridade Social a retrocesión do inmovible, unha nova cesión á Xunta para destinalo a Oficina de Emprego e Formación, e unha autorización de ocupación para ir realizando a obra de rehabilitación. Con esta última autorización, a Tesourería Xeral da Seguridade Social porá á disposición o inmovible para os efectos de que a Xunta poida licitar xa a rehabilitación.

Pola súa parte, o obxectivo da Xunta é solicitar a licenza de obra ao Concello de Lugo nas vindeiras semanas, e licitar as obras de reforma do inmovible, toda vez que o proxecto xa está practicamente rematado. Neste inmovible traballarán empregados públicos da Xunta de Galicia e tamén persoal da Administración do Estado adscrito ao Servizo Público de Emprego (SEPE), do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.

Transformación xa en marcha

As obras de transformación impulsadas pola Xunta de Galicia no antigo Barrio da Residencia, en Lugo, xa están en marcha. Así, os traballos de demolición do antigo Hospital Xeral comezaron o pasado mes de decembro e para a súa execución, a Xunta de Galicia destina 3,3 millóns de euros. Unha vez liberado este espazo, a Xunta desenvolverá nunha parte deste terreo unha residencia sociosanitaria para maiores con 120 prazas, e o resto será retrocedido á Tesourería Xeral da Seguridade Social, que é a propietaria do terreo.

Ademais, a Xunta de Galicia segue agardando desde xaneiro a que o Concello de Lugo outorgue licenza para a construción do novo Centro Integral de Saúde, que estará situado nas instalacións do antigo Materno-infantil. O Goberno galego prevé investir 9 millóns de euros nesta nova dotación sanitaria.

A NOVA LEI DE PESCA EN GALICIA SERÁ O INSTRUMENTO PARA DAR RESPONSA A TRES GRANDES OBOXECTIVOS: ASEGURAR A REMUDA XERACIONAL, POTENCIAR A PESCA SEN MORTE E DINAMIZAR O TURISMO RURAL

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto de Lei de pesca continental en Galicia, que substituirá unha norma con máis dun cuarto de século de vixencia e que é preciso adaptala e modernizala ao modelo de xestión, para avanzar cara unha pesca fluvial sustentable, sostible no tempo e compatible coa protección***
- ***Unha das novidades que recolle o anteproxecto é a creación das escolas de río e unha Estratexia galega de educación ambiental, coa que fomentar a formación e participación dos máis novos, para afianzar a remuda xeracional***
- ***Nesa liña, os rapaces de ata 14 anos poderán practicar a pesca deportiva e recreativa sen necesidade de licenza e os menores de idade quedan excluídos do pagamento das taxas***
- ***Establécese unha nova clasificación das augas continentais e créanse dúas novas categorías; escenarios deportivos, sociais e de formación e augas de aproveitamento privado para potenciar o turismo de pesca e facilitar zonas de adestramentos aos competidores galegos***
- ***A lei regulará unha especial protección ás actividades tradicionais representativas da cultura galega, como as pesqueiras do río Ulla e as estacadas do río Tea para a pesca da lamprea***
- ***Outra das novidades será o establecemento dun sistema de autoguiado para os exemplares de reo, co fin de simplificar os controis tras a captura, polo que será o propio pescador o que comunique á Administración os datos das capturas realizadas***
- ***Por primeira vez, unha lei de pesca galega refírese á regulación das especies exóticas invasoras e as repoboacións que se realicen deberán facerse con carácter xeral con especies autóctonas e baixo a planificación da consellería***
- ***Redactarase un Plan galego de ordenación da pesca continental para regular o aproveitamento piscícola en Galicia, que se complementará con instrumentos de planificación específicos, como son os plans técnicos de xestión de recurso piscícola e a orde anual de pesca***
- ***Tamén se procedeu á simplificación da clasificación das categorías de infraccións, eliminando a categoría de menos graves e reducindo o importe da sanción proposta cando o infractor recoñeza a súa responsabilidade e cando efectúe o pagamento en período voluntario***

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá deu o visto e praxe ao anteproxecto da Lei de pesca continental de Galicia, que ten entre os seus obxectivos asegurar a remuda xeracional, potenciar a pesca sen morte e dinamizar o turismo rural.

Esta norma substitúe a actual lei de pesca, aprobada en 1992 -Lei 7/1992- e que tras un cuarto de século de vixencia, cómpre adaptala e modernizala para avanzar cara a unha

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

pesca fluvial sustentable, sostible no tempo e compatible coa protección do ambiente a longo prazo.

Así, o anteproxecto -que hoxe inicia a súa tramitación- prevé converterse no instrumento que garanta a aplicación de medidas para garantir a remuda xeracional e o fomento da educación e sensibilización; o fomento da pesca sen morte, como modelo sustentable; e o emprego da pesca como ferramenta de desenvolvemento turístico, económico e social do medio rural galego; grazas en boa medida a unha planificación estratéxica de xestión da pesca, co fin de optimizar a xestión dos recursos.

As principais novidades do anteproxecto presentado esta mañá son a creación das escolas de río, co fin de implicar e educar os máis pequenos na conservación dos ecosistemas acuáticos continentais, favorecendo a remuda xeracional; que se complementará no marco da Estratexia galega de educación ambiental, que incluírá programas de formación e educación na práctica da pesca continental e no coñecemento e respecto dos ecosistemas acuáticos, destinados preferentemente a pescadores noveis. Trátase de promover un mellor coñecemento por parte da sociedade galega sobre os aspectos ambientais, sociais e económicos inherentes á pesca.

Co fin de fomentar estas actividades entre os máis mozos, establécese como novidade que as persoas de idade igual ou inferior a 14 anos poderán practicar a pesca deportiva e recreativa sen necesidade de licenza e tanto os menores de idade (que queiran solicitar a licenza) quedarán exentos do pagamento de taxas para a súa obtención. Esta última medida tamén se aplicará aos maiores de 65 anos con veciñanza administrativa en Galicia.

Compatibilidade de modelos

Unha porcentaxe elevada de pescadores galegos responden ao modelo tradicional, pescan en zonas libres (non en coutos), baixo a modalidade extractiva. Non obstante, a pesca sen morte (PSM) vai gañando adeptos en España e constitúe a regra común en todo o mundo. En Galicia, a oferta destes tramos foi aumentando paulatinamente, pero aínda moi minoritarios (supoñen un 10 % nos coutos e no caso dos tramos libres apenas chegan ao 6 % nos ríos grandes, e a súa presenza é testemuñal nos ríos pequenos).

A pesca sen morte é un modelo de xestión máis sustentable, polo que o anteproxecto marca como obxectivo seguir fomentado á súa implantación co fin de que coexista co modelo tradicional extractivo e se acade un equilibrio entre ambos.

As medidas que se propoñen son actividades de promoción e divulgación de xeito preferente por parte das entidades colaboradoras de pesca, programas de formación específica dentro da Estratexia galega de educación ambiental, gratuidade dos permisos de pesca sen morte para todos os menores de idade ou a limitación desta modalidade como a única permitida no caso dos escenarios deportivos sociais e de formación creados pola lei.

Nesa liña, o ante proxecto tamén inclúe como novidade unha nova clasificación para as augas dos máis de 14.000 km de ríos de certa entidade e que permite a creación de dúas

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

novas categorías: escenarios deportivos, sociais e de formación e augas de aproveitamento privado. Esta medida é efectiva para fomentar a pesca entre os nenos, facilitar a práctica entre a xente da terceira idade e tamén permite o adestramento aos competidores; ao tempo que se activa a economía da pesca nos períodos de veda e, en consecuencia, ten un beneficio directo sobre as zonas rurais.

O terceiro dos obxectivos é o fomento da pesca como instrumento de desenvolvemento turístico do medio rural, polo que se prevé a concesións de aproveitamentos piscícolas en tramos de ríos, encoros e lagoas, a empresas turísticas, manténdose, así mesmo, a posibilidade de regular a reserva de permisos para o fomento desta actividade nas augas pescables que se determinen.

Outra novidade significativa da nova norma é a especial protección e regulación para determinadas actividades tradicionais de pesca continental de carácter etnográfico, como as pesqueiras do río Ulla e as estacadas do río Tea, para a pesca da lamprea. A finalidade é garantir a transmisión, promoción e posta en valor de técnicas tradicionais de pesca, que se consideren representativas da cultura e forma de vida tradicional galega, utilizadas nunha determinada zona ou por un determinado colectivo.

Plan galego de ordenación da pesca continental

Co fin de mellorar e optimizar os recursos redactarase un Plan galego de ordenación da pesca continental, que se complementará cos actuais instrumentos de planificación desta actividade. A súa redacción iniciarase unha vez aprobada a nova norma e fomentarase a participación pública para acadar unha ferramenta adaptada á realidade e que dea respostas ás demandas do sector e dos usuarios.

Neste plan teranse en conta moitos aspectos que xa recolle a propia lei, co fin de garantir un aproveitamento sostible e sustentable, como o feito de que as repoboacións e soltas serán realizadas unicamente con especies autóctonas e contarán cunha planificación previa da consellería. De feito, outra das eivas a que se quere poñer coto é as especies exóticas invasoras, polo que por primeira vez unha norma con rango de lei recollerá o sentido do marco normativo básico (estatal e comunitario) sobre a xestión destas especies, que recolle a posibilidade de adoptar medidas específicas de control e captura.

Así mesmo, para facilitar o bo estado das ribeiras e dos cursos fluviais dos ríos, o anteproxecto de lei prevé a axilización e simplificación da tramitación necesaria para a execución de tarefas de mantemento e conservación menores. Así, os promotores dunha actuación menor, como a retirada de árbores mortas na ribeira ou na canle fluvial, de entullos e elementos arrastrados polas correntes que poidan provocar un entullo, non precisarán do informe perceptivo da consellería.

En relación coas artes e medios de pesca, engádesse a prohibición do emprego de substancias ou aparellos paralizantes, tranquilizantes, atraentes ou repelentes de peixes, así como pesos que conteñan chumbo e a pesca con peixes vivos.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Outras das novidades que se propoñen no anteproxecto é o deseño dun sistema de autoguiado para os exemplares de reo. A Lei actual (lei 7/1992) xa establece que para o transporte de reos e salmóns estas capturas deben ir acompañados da documentación que acredite a súa orixe legal.

Así, como novidade, introducirase un sistema de autoguiado para o caso dos reos, en que o propio pescador será o comunique á administración os datos dos reos capturados. É un sistema novo no conxunto do Estado, ao non empregarse en España, pero que xa se está a utilizar outros países da Unión Europea. O sistema, que deberá desenvolverse regulamentariamente, busca simplificar os controis preceptivos para a captura desta especie, corresponsabilizando o propio pescador nestes controis.

Tamén se propón unha restructuración e simplificación das infraccións ao eliminar a categoría de menos grave, resituando estas condutas -en función da súa gravidade- entre as infraccións leves e as graves. Tamén se procede a este reaxuste para adaptarse á clasificación que fixa a Lei 40/2015, en relación coa clasificación dos tipos infractores (artigo 27) e a prescrición das sancións (artigo 30 da norma citada).

Cómpre destacar que o anteproxecto de Lei dedica unha atención especial á reparación do dano causado e á reposición da situación alterada ao seu estado anterior, aspectos que poden ser materialmente tan importantes como a mesma tipificación da infracción e a determinación da sanción aplicable.

Outra das novidades importantes en relación co réxime sancionador é a redución nun 20 % do importe da sanción proposta cando o presunto infractor recoñeza a súa responsabilidade e outro 20 % cando efectúe o pagamento en período voluntario dentro do prazo para presentar alegacións á proposta de resolución emitida no procedemento sancionador. Tamén fixará un protocolo sobre as condicións que se deberán establecer para o incautamento dos medios empregados ou dos exemplares obxecto dunha infracción.

A nova norma, que se estrutúrase en seis títulos e consta de 88 artigos, inicia agora a seu proceso de participación pública.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO COA FUNDACIÓN DA ENXEÑARÍA CIVIL DE GALICIA PARA DESENVOLVER UN SISTEMA PUNTEIRO DE ALERTA TEMPERÁ DE RISCO DE INUNDACIÓNS

- ***Este acordo permitirá por ao servizo da prevención das inundacións na demarcación hidrográfica Galicia-Costa todos os novos coñecementos xerados na materia tanto en Augas de Galicia como no campo da enxeñaría e das novas tecnoloxías***
- ***Trátase de integrar nunha soa aplicación os avances nos modelos de predicións e no protocolo de actuación ante o risco, contribuíndo a minimizar os seus efectos negativos***
- ***A vinculación da información das áreas de risco potencial significativo coas novas ferramentas de cálculo permitirán estimar con maior fiabilidade e en tempo real o perigo existente en cada zona, determinando os elementos máis vulnerables***
- ***O sistema emprega as predicións de Meteogalicia sobre precipitacións como base para calcular o comportamento dos caudais dos ríos e, en caso de detectar risco, traslada alerta á Dirección xeral de Emerxencias***
- ***O acordo enmárcase no traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia para adaptar a xestión da auga ao contexto de cambio climático, onde predominan tanto os períodos con escaseza de precipitacións como os de concentración destas no tempo e no espazo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre Augas de Galicia e a Fundación de Enxeñaría Civil de Galicia (FECG) para desenvolver un sistema punteiro de alerta temperá de risco de inundación na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, por un importe de 90.000 euros.

O Executivo autonómico dá así o visto e prace aos traballos que permitirán a actualización e mellora, tanto a nivel técnico como informático, do sistema Artemis de alerta de risco de inundación da Administración hidráulica da Xunta. Trátase de fornecer os mecanismos para reducir os potenciais perigos que poidan provocar os desbordamentos puntuais dos ríos para persoas e bens.

Este acordo permitirá por ao servizo da prevención das inundacións na demarcación hidrográfica Galicia-Costa todos os novos coñecementos xerados na materia tanto en Augas de Galicia como no campo da enxeñaría e das novas tecnoloxías.

O convenio establece as condicións que rexerán a cooperación entre os técnicos do organismo hidráulico adscrito á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que achegan o seu coñecemento e experiencia na predición de eventos de inundación, e os técnicos desta fundación vinculada á Universidade da Coruña, que incorporará toda a información e as novas tecnoloxías que permitan ter unha maior precisión nas predicións.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

O traballo conxunto de innovación e investigación permitirá integrar así nunha soa aplicación todo o novo coñecemento que existe en relación co risco de inundacións, tanto por parte de Augas de Galicia como por parte da Fundación de Enxeñaría Civil de Galicia. Isto posibilitará acadar a mellora nos modelos de predicións e no funcionamento do Protocolo ante risco de inundacións na demarcación Galicia-Costa, contribuíndo a minimizar os efectos negativos producidos por elas.

Augas de Galicia achega os estudos realizados para minimizar o risco de inundación nas bacías de Galicia-Costa, das cales dispón dunha completa caracterización, así como da súa perigosidade e vulnerabilidade.

Así mesmo, as novas tecnoloxías radar, satélite e os modelos empregados tanto a nivel meteorolóxico como hidrolóxico ou hidráulico sufriron un desenvolvemento moi importante nos últimos anos. Nesta liña de traballo a Fundación de Enxeñaría Civil de Galicia desenvolveu recentemente unha serie de estudos que, aproveitando a mellora en tempos de cálculo, permite traballar con estes modelos de inundacións máis precisos, como parte do sistema de predición en tempo real.

A vinculación da información dos estudos realizados nas áreas de risco potencial significativo por Augas de Galicia cos modelos meteorolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como das ferramentas de seguimento en tempo real que desenvolve a Fundación permitirán pechar o ciclo técnico da alerta hidrolóxica.

Deste xeito, a incorporación destes modelos e da novas ferramentas de cálculo en tempo real permitirán estimar con maior fiabilidade o risco non só en termos de precipitación esperable e caudal que se producirá nun determinado punto, senón especificar en tempo real o risco existente en cada zona, determinado os elementos máis vulnerables.

O sistema emprega as predicións de Meteogalicia sobre precipitacións como base para calcular o comportamento dos caudais dos ríos e, en caso de detectar risco, traslada alerta á Dirección xeral de Emerxencias.

O acordo autorizado hoxe enmárcase no traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia para adaptar a xestión da auga ao contexto de cambio climático, onde predominan tanto os períodos con escaseza de precipitacións como os de concentración das mesmas no tempo e no espazo.

A XUNTA HABILITA 12,1 M€ EN AXUDAS Á COMPRA DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR E O ACCESO AO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS POR PARTE DAS FAMILIAS PARA O VINDEIRO CURSO 2019/20

- ***O alumnado de 1º e 2º de primaria poderá acollerse ás axudas á compra de libros, que van entre os 90 e os 170 euros en función da renda***
- ***No caso do alumnado matriculado en educación especial, mantense unha axuda de 250 euros independentemente da renda***
- ***O alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria e de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO poderá acollerse ao Fondo solidario de libros, cuxos manuais se asignan por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar***
- ***Ademais, no caso de rendas inferiores aos 5.400 euros per cápita, o alumnado poderá recibir vales de 50 euros para adquisición de material escolar***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2019/20.

O sistema solidario habilitado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que posibilita garantir unha educación accesible para o conxunto do alumnado susténtase en tres eixes que son o Fondo solidario de libros de texto, as axudas á adquisición de libros de texto (para aquelas ensinanzas e cursos en que os materiais non son reutilizables) e as axudas para a adquisición de material escolar.

Axudas á compra

As axudas da consellería para a compra de libros están dirixidas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de educación primaria, e ao alumnado matriculado en educación especial.

Os requisitos de renda e as contías das axudas son as seguintes:

Educación primaria:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400,00 euros: 170 euros
- Renda per cápita familiar superior a 5.400,01 e igual ou inferior a 9.000: 90 euros

Así mesmo, mantense que o alumnado matriculado en educación especial, en centros específicos ou en unidades de educación especial en centros ordinarios, así como o que presente unha discapacidade igual ou superior ao 65 %, que solicite a axuda e que cumpra os requisitos recibirá un importe de 250 euros, con independencia da renda per cápita familiar.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Ademais, o alumnado de 1º e 2 de primaria que se encontre en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia recibirá a axuda máxima (170 euros), e non terá que acreditar os datos da unidade familiar nin o nivel de renda.

Fondo solidario

No caso do Fondo solidario de libros pode participar o alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, e en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO. A asignación de libros de texto farase, ao igual que nos tres anos anteriores, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar. En calquera caso, terá preferencia o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, con independencia da súa renda familiar.

De darse o caso de non alcanzar os libros dispoñibles no fondo solidario para dar unha cobertura igual á que se presta en función da renda nos cursos cubertos pola convocatoria de axudas, o centro adquirirá os libros complementarios que sexan necesarios. O obxectivo é garantir que o alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 5.400 euros e o que estea en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % (nestes dous últimos casos con independencia da renda) teña garantido o acceso a 6 libros, e que o que teña renda per cápita de entre 5.400,01 euros e 9.000 acceda a 4 manuais.

Cómpre lembrar que será requisito fundamental para acceder ao fondo solidario ou recibir as axudas para libros ou material escolar ter devolto os libros dos cursos anteriores.

Axudas para material escolar

O destinatario das axudas para material escolar é todo o alumnado matriculado en educación primaria e en ESO cunha renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros, e a contía da axuda será de 50 euros.

O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de educación especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

Trámites por vía telemática

Desde o ano pasado funciona o servizo telemático para realizar os trámites, polo que –unha vez que se abra o prazo, previsto para os próximos días– as solicitudes poderán presentarse por vía electrónica empregando a aplicación informática “fondolibros” (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben presencialmente nos propios centros docentes, así como en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo.

A XUNTA DE GALICIA DESTINA MÁIS DE 238.000 EUROS A BOLSAS DE FORMACIÓN NOS LECTORADOS DE GALEGO

- ***As bolsas correspóndense coas universidades do Algarve (Portugal), Freie Universität Berlin (Alemaña), Universidade do Estado do Río de Janeiro (Brasil), La Sapienza Università di Roma (Italia) e Sveučilište u Zadru (Croacia)***

A Consellería de Cultura e Turismo convocará proximamente cinco bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas noutras tantas universidades por un importe de 238.595,40 euros para un período de tres anos. O Consello da Xunta deulle o visto e prace á autorización do gasto para o financiamento desta acción que se enmarca dentro das actividades de promoción e ensino da lingua e da cultura galegas a través de convenios de colaboración con universidades de distintos países a través dos centros de estudos galegos (CEG).

Por medio dunha orde específica, o Goberno autonómico publicará proximamente a convocatoria de bolsas de formación nos lectorados de galego nas universidades do Algarve (Portugal), Freie Universität Berlin (Alemaña), Universidade do Estado do Río de Janeiro (Brasil), La Sapienza Università di Roma (Italia) e Sveučilište u Zadru (Croacia). A data prevista de incorporación será o 1 de outubro de 2019 en todas as prazas, agás no caso da localizada en Brasil, que será o 1 de xaneiro de 2020. O importe mensual das bolsas é de 1277,12 euros.

O programa de formación dos bolseiros estará integrado por actividades relacionadas coa docencia, a programación e a organización de tarefas, a investigación, a difusión e a promoción da lingua e a cultura galegas. Para participar neste convocatoria, entre outros requisitos, hai que ser licenciado en Filoloxía Galega, en Filoloxía Románica (sempre que a primeira ou segunda lingua románica elixida sexa o galego), graduado en Lingua e Literatura Galegas; en Estudos de Galego e Español, ou en Galego e Portugués.

A lingua galega, presente en 35 universidades

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades. Dentro delas, 27 contan con lectores -licenciados/as en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Ademais disto, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.



**O PLADIGA 2019 INCORPORA MELLORAS TECNOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS
MANTENDO O ESFORZO EN MEDIOS E PERSOAL FRONTE O LUME**

- ***O Consello do Goberno galego aprobou o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais, que prevé o uso de drones para vixilancia, detección, investigación e apoio na extinción e a ampliación da rede de vixilancia fixa***
- ***En total, serán máis de 7.000 as persoas implicadas no operativo, contabilizando as da propia Xunta, da Administración do Estado e dos concellos, apoiadas por unha trintena de medios aéreos e por 360 motobombas, entre outros medios***
- ***Refórzase a colaboración cos concellos na prevención e defensa das aldeas, apóstase por potenciar o emprego de queimas controladas para a xestión da biomasa e foméntase a cooperación cidadá contra a actividade incendiaria a través dun número de teléfono anónimo de denuncia***
- ***Intensifícase a formación do persoal en aspectos como a seguridade, os primeiros auxilios, a dirección e coordinación de grandes lumes, a investigación ou a conducción de vehículos todoterreo e motobombas***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2019) elaborado pola Consellería do Medio Rural. Este documento, que foi presentado a pasada semana ao Consello Forestal, é unha actualización anual da planificación que se leva a cabo nesta materia e incorpora melloras en todo o relacionado coa prevención, detección, extinción, investigación e formación do servizo de loita contra os lumes.

Así, entre as novidades destacadas para este ano atópase o emprego de drones para apoiar tanto as tarefas de vixilancia e detección como de apoio na extinción e investigación dos incendios. Mellórase, deste xeito, a vixilancia móbil, reforzando especialmente as zonas de alta actividade incendiaria. Así mesmo, estes vehículos aéreos non tripulados usaránse tamén para vixiar o cumprimento das obrigas canto a xestión da biomasa nas franxas. Os drones levarán cámaras de vídeo e térmicas, estas últimas pensadas sobre todo para actuar de noite.

En canto ao persoal e aos medios, mantense o esforzo de anos anteriores, cun dispositivo moi semellante ao das últimas campañas, malia que con maior presenza no tempo dos efectivos sobre o territorio (así, o persoal fixo discontinuo da Xunta permanecerá despregado ao longo de cinco meses, en lugar de catro, como foi o caso do ano pasado). En total, serán máis de 7.000 as persoas implicadas no operativo, contabilizando as da propia Xunta, da Administración do Estado e dos concellos, apoiadas por unha trintena de medios aéreos e por 360 motobombas, entre outros medios.

Administración local

Outra novidade que recolle o Pladiga ten que ver co reforzo da colaboración coa Administración local para o exercicio das competencias en materia de prevención. Neste

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

sentido, cómpre lembrar a recente sinatura dunha addenda ao convenio subscrito entre a Consellería do Medio Rural, Seaga e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a protección das aldeas, unha iniciativa que se integra no Pladiga 2019.

Tamén en relación coa prevención, apóstase por potenciar o emprego de queimas controladas para a xestión da biomasa, unhas tarefas para as que se elaborará un protocolo específico de actuación.

No eido da sensibilización social e do fomento da colaboración cidadá contra a actividade incendiaria, unha mellora introducida este ano é a posta en marcha dun teléfono específico e gratuíto de denuncias anónimas, un servizo que estará operativo a partir da época de alto risco de lumes.

Por outra banda, mellórase tamén a vixilancia fixa, coa incorporación de 30 novas cámaras de última xeración, que se suman ás 88 xa instaladas na Rede de videovixilancia forestal, polo que se disporá dun total de 118. Con elas cubriranse 200.000 hectáreas máis de territorio galego, a maiores dos 1,6 millóns de hectáreas xa abarcadas (o que supón máis da metade da superficie da nosa comunidade).

Neste eido tecnolóxico outra mellora será o desenvolvemento dun proxecto piloto para contar con alertas temperás en puntos estratéxicos do territorio que recollan observacións meteorolóxicas fiables. Trátase de dispor de datos permanentemente actualizados da contorna en que se poida estar a producir un incendio forestal, avaliando variables como a dirección e velocidade do vento, a temperatura, a humidade ou a pluviometría.

Formación

Tamén se vai reforzar a formación de persoal, coa realización de 15 cursos diferentes centrados en aspectos como a seguridade, os primeiros auxilios, a dirección e coordinación de grandes lumes, a investigación ou a conducción de vehículos todoterreo e motobombas, entre outros. Trátase, así, de afondar así na consolidación dun dispositivo público, único e versátil.

No marco da normativa, o Pladiga incorpora o compromiso de elaborar un novo borrador da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, contando coas achegas do propio persoal do servizo. Por outra parte, axústase o número de parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI), de acordo coa evolución da cifra de lumes rexistrados e a súa virulencia nos últimos anos nestas zonas. Como consecuencia, diminúe en seis o número de PAAI con respecto ao pasado ano, pasando a ser 71 en total.

OS DOUS PRIMEIROS HUBS DE INNOVACIÓN DIXITAL DE GALICIA AXUDARÁN ÁS PEMES A AVANZAR NA FÁBRICA INTELIXENTE E O BIG DATA

- ***A Xunta impulsa os proxectos liderados polo Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga) e o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga), que funcionarán como unha xanela única en que conflúen todos os recursos que os centros de coñecemento ofertan ao tecido empresarial***
- ***Este novo modelo de colaboración permitirá ás pequenas e medianas empresas acceder a novos servizos, co obxectivo de facilitar a súa competitividade a través da dixitalización***
- ***As iniciativas contan coa participación doutros clústeres, centros tecnolóxicos, grandes empresas tractoras e compañías tecnolóxicas, ademais das universidades***
- ***Entre os axentes que formarán parte dos Hubs destacan PSA, Nueva Pescanova, Clun, Textil Lonía, os estaleiros Barreras e Freire, GKN, Cupa, Navantia, Televés, centros tecnolóxicos como CTAG, Anfaco-Cecopesca, Cesga e ITG, e clústeres como Aclunaga, Clusaga, TIC, da Saúde e da Madeira***
- ***Estes dous polos de innovación centraranse en tecnoloxías punteiras como a internet das cousas, a intelixencia artificial, a computación avanzada, a minaría de datos, a ciberseguridade ou a computación na nube***
- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), proporcionará axudas económicas de ata 200.000 euros por cada Hub para a súa constitución, así como asesoramento para a súa axeitada articulación***
- ***Contarán con infraestruturas tecnolóxicas grazas á convocatoria de espazos industriais compartidos (fab labs) en que traballa o Igape, á cal se prevé destinar 16 millóns de euros a executar ata 2022***
- ***A constitución de Hubs está aliñada coa Iniciativa Comunitaria para a Dixitalización da Industria Europea, e é imprescindible para acceder aos máis de 9.200 millóns de euros previstos para o programa Europa Dixital no período 2021-2027***

A Xunta apoia a creación dos dous primeiros Hubs de Innovación Dixital de Galicia, que estarán centrados en achegar ás pemes as tecnoloxías asociadas á fábrica do futuro, como a internet das cousas e a intelixencia artificial, e as que permiten o manexo de grandes cantidades de información (big data) vinculadas ao desenvolvemento das ciencias da vida. Prevese que estes proxectos, liderados respectivamente polo Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga) e o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga), estean plenamente operativos a partir do ano 2020, co obxectivo de estender o impacto positivo da innovación ás pequenas e medianas empresas galegas.

Os Hubs de Innovación Dixital funcionan como unha xanela única de capacidades tecnolóxicas en que conflúen todos os recursos que os centros de coñecemento galegos ofertan ás pemes, achegando tamén apoio integral para levar os produtos e servizos innovadores ao mercado. Trátase dunha nova forma de estruturar o ecosistema de I+D+i, que permite facer un mellor uso e aplicación dos recursos existentes, conectar mellor o

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

coñecemento disruptivo e a industria; e impulsar a dixitalización das pemes para que sexan máis competitivas e gañen tamaño.

Coa creación destes dous polos de innovación, tras un proceso en que participaron máis de 240 axentes, Galicia avanzará en tecnoloxías como a internet das cousas, a intelixencia artificial, a computación avanzada, a minaría de datos e o big data, a ciberseguridade ou a computación na nube.

O proxecto impulsado por Ceaga beneficiará sectores como a automoción, o agroalimentario, o naval, o forestal e o téxtil, mentres que o impulsado por Bioga prevé ofrecer servizos ás cadeas de valor da biotecnoloxía, a saúde, o forestal, o agroalimentario e o ámbito mar-industria.

Estas iniciativas contan coa participación doutros clústeres, centros tecnolóxicos, grandes empresas tractoras e compañías tecnolóxicas, ademais das universidades. No caso do Hub liderado por Ceaga participan outros clústeres como Aclunaga, Clusaga e o Clúster TIC; empresas tractoras como Nueva Pecanova, Clun, Textil Lonia, os estaleiros Barreras e Freire, PSA, GKN, Ence, Cupa ou Navantia; firmas do eido tecnolóxico como Televés e R; así como os centros Aimen, Anfaco-Cecopesca, Cesga, CTAG, Cetim, Gradient e ITG; ademais das tres universidades galegas e de Feuga.

No Hub liderado por Bioga, entre os participantes repiten Clun, Nueva Pescanova, Televés, Clusaga, o Clúster TIC, Cesga, Gradient, Anfaco-Cecopesca e a Universidade de Santiago de Compostela. A maiores, colaboran neste proxecto outras empresas (como Mestrelab e Vodafone España) e clústeres (como o da Saúde e o da Madeira), así como a Fundación Kaertor.

O funcionamento destas agrupacións virá determinado pola demanda das empresas, e deberán autoxestionarse de forma independente e tender cara á sustentabilidade económica, a través do cobro dos servizos prestados aos usuarios e doutras achegas privadas.

A constitución de Hubs, que permitirá conectar as pemes coas fontes de innovación tecnolóxica excelente de fóra de Galicia, está aliñada coa Iniciativa Comunitaria para a Dixitalización da Industria Europea, e é un aspecto imprescindible para que Galicia teña acceso aos máis de 9.200 millóns de euros que a Unión Europea ten previstos para o programa Europa Dixital para o período 2021-2027.

En total, prevese destinar aos hubs e aos seus usuarios máis de 20 millóns de euros de apoios públicos. Así, durante este ano e o que vén, a Xunta, no marco da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia e o Plan Galicia Innova, así como da Axenda 4.0, proporcionará axudas económicas de ata 200.000 euros por cada Hub, así como asesoramento experto para a súa axeitada articulación.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

No 2020 prevese activar axudas por un millón de euros para subvencionar o acceso das pemes aos servizos dos Hubs, así como diferentes instrumentos para apoiar proxectos de I+D+i desenvolto no seo destas agrupacións, e tamén se estuda a posta en marcha dun programa para impulsar o financiamento de proxectos de I+D+i dentro dos Hubs, cun orzamento previsto de 3 millóns de euros.

Espazos industriais compartidos

Ademais, os Hubs contarán con infraestruturas tecnolóxicas a través da primeira convocatoria de espazos industriais compartidos (*fab labs*) impulsada polo Igape. Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, prevese que esta convocatoria conte cun orzamento de 16 millóns de euros que se executarán ata 2022.

Cos resultados e conclusións da consulta realizada entre o tecido produtivo galego para coñecer a demanda que teñen este tipo de axudas para espazos industriais compartidos, na que se presentaron 26 manifestacións de interese, estanse a deseñar as bases reguladoras da nova liña de apoios, en que se primará a inclusión da infraestrutura nun Hub de Innovación Dixital apoiado pola Xunta.

Os apoios concederanse a agrupacións *ad hoc* de entidades para a posta en marcha de proxectos de infraestruturas locais de uso compartido que teñan como finalidade o desenvolvemento da contorna das empresas e os consumidores, e a modernización da base industrial, co fin de mellorar a súa competitividade. Para o uso destas infraestruturas establecerase un sistema de servizos tarificables en función do uso ou consumo que se realice.

A XUNTA AVANZA NO NOVO DECRETO DE CONCERTO SOCIAL PARA FLEXIBILIZAR E AXILIZAR A CREACIÓN DE PRAZAS PÚBLICAS DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE

- ***Crearase unha bolsa de entidades de iniciativa social para que existan prazas alí onde as persoas destinatarias as precisan***

O Consello da Xunta analizou hoxe o borrador do novo decreto que regula o Concerto Social co que se mellorará o procedemento para poñer á disposición das familias galegas prazas públicas de atención á discapacidade. Esta reforma normativa establecerá un modelo máis flexible e máis centrado nas necesidades reais destas persoas e as súas familias, xa que posibilitará que se concerten as prazas alí onde a persoa usuaria as necesite.

Ata agora, cando a Xunta quere incrementar a oferta de prazas neste ámbito estas contrátanse mediante un procedemento ao que ás entidades e empresas que están en condicións de prestar este servizo público deben presentar as súas propostas para que as avalíen os técnicos da Administración autonómica en función de criterios obxectivos. O novo decreto do Concerto Social dá prioridade ás entidades á hora de concertar prazas e supón a creación dunha bolsa de entidades que estean en condicións de ofrecer prazas a partir duns requisitos previamente fixados.

A norma fixa dúas maneiras complementarias de acceder a esta bolsa: un procedemento plurianual para que as entidades presenten as súas solicitudes, e os denominados concertos de adhesión, que permiten que as entidades poidan inscribirse en calquera momento e que as prazas se concerten cando e con quen sexa preciso, en función duns criterios obxectivos. O concerto de adhesión supón unha novidade respecto doutras comunidades autónomas, que permitira atender na medida en que sexa posible a libre elección da persoa destinataria do servizo de que se trate.

A previsión é que este novo texto normativo se aprobe definitivamente na segunda metade deste 2019. Galicia será a oitava comunidade en aplicar o Concerto Social, xunto con Aragón, Extremadura, Navarra, Andalucía, Baleares, Murcia e Valencia. Este sistema aplicarase de xeito prioritario no eido da discapacidade, e déixase a porta aberta a estendelo aos campos da inclusión social e a atención a menores, onde as entidades de iniciativa social tamén teñen unha fonda implantación.

O SECTOR PESQUEIRO GALEGO PODE BENEFICIARSE DE ACHEGAS PARA ACCIÓNS DE PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE MARIÑA

- ***A Consellería do Mar convoca por quinta vez no marco do actual Fondo Europeo Marítimo e de Pesca axudas a proxectos colectivos en favor dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como o fomento da sensibilización ambiental***
- ***A convocatoria de 2019 destas subvencións publicarase en próximos días no Diario Oficial de Galicia e está dotada con máis de 3,4 millón de euros***
- ***Poderán beneficiarse delas as confrarías de pescadores, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar e as asociacións de profesionais do sector***
- ***Son subvencionables os proxectos que busquen a protección e recuperación da biodiversidade mariña mediante accións como o seguimento e avaliación do estado dos recursos ou a vixilancia para a súa protección***

A Consellería do Mar convoca por quinta vez no marco do actual Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), para o período 2014-2020, axudas para proxectos colectivos que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña así como ao fomento da sensibilización ambiental. Delas poderán beneficiarse as confrarías de pescadores, organizacións de produtores, cooperativas do mar, asociacións de profesionais do sector e demais entidades asociativas sempre que desenvolvan as súas actividades no sector pesqueiro e teñan a súa sede social en Galicia.

A convocatoria de 2019 destas achegas foi analizada hoxe no Consello da Xunta e publicarase nos próximos días no *Diario Oficial de Galicia*. Está dotada con algo máis de 3,4 millóns de euros, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e a distribuír entre as anualidades 2019 e 2020, con 1.720.000 euros cada ano. Os principais beneficiarios destas axudas adoitan ser as confrarías, con proxectos vencellados co marisqueo.

A través delas son subvencionables os proxectos que teñan como obxectivo mellorar a xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, entre os que se inclúen a elaboración e seguimento dos plans de coxestión de recursos mariños vivos e a optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños, atendendo á Directiva Marco sobre a Estratexia Mariña.

Entre as iniciativas que poden optar ás axudas tamén están as que contribúan á vixilancia epidemiolóxica, caso do envío de mostras ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras, e operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies. Dentro destas operacións, o persoal de vixilancia actuará baixo a supervisión do Servizo de Gardacostas e en colaboración con este.

Outros proxectos que tamén optan ás achegas son as relacionadas coa formación dos pescadores de cara a adquirir novas competencias para unha mellor xestión e conservación

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

dos recursos mariños vivos e dos ecosistemas en que viven así como as accións de aumento da sensibilización ambiental coa participación directa dos pescadores, podendo incluír campañas de divulgación.

Os interesados en cursar as solicitudes de axuda poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o DOG en próximos días. A presentación de solicitudes realizarase por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).